# ACTIVIDADE CULTURAL



**_Cándido Cabaleiro Paz_**
*Profesor superior de piano e mestre de Educación musical*

*Decembro/maio*
**2019/2020**

## *escoit* ANTES

Universidade de Vigo

Extensión Universitaria

CONCELLO DE VIGO

OV 430 ORQUESTRA VIGO 430




Universidade de Vigo

Extensión Universitaria

CONCELLO DE VIGO

OV 430 ORQUESTRA VIGO 430

## *Introdución*

Dende hai preto dun século, os cambios no mundo da arte, e por tanto no da música, foron rápidos e complexos. Ademais, a inexistencia durante décadas dunha formación musical básica e seria, fixo que xeracións enteiras sigan temendo achegarse a certo tipo de música e, ás veces, ao achegarense, sintan que só un poucos expertos poidan gozar dela e comprendela.

Outro fenómeno sorprendente vén dado pola continua e case obsesiva presenza nos programas de concerto de obras clásicas e románticas, obras que necesitan dunha certa aprendizaxe para poder escoitalas.

Así, partindo da base de que para apreciar o valor das cousas antes hai que comprendelas, nacen estas sesións de EscoitANTES. O seu obxectivo é achegar, mellorar e ampliar o noso criterio de apreciación no que a música se refire, así como aportar chaves para entender e gozar de certo tipo de obras que figuran con frecuencia nos programas de concerto.

Estas sesións de escoita activa, a través dunha aproximación histórica, analítica e contextual, están orientadas á preparación por parte dos escoitANTES, dos concertos da Orquestra Vigo 430.

## *Público destinatario*

Calquera persoa maior de 18 anos. Non é necesario ter ningún tipo de coñecemento musical previo.

## *Inscrición*

Número prazas: ata completar a capacidade do espazo.

Recoñecemento de 20 horas de traballo ECTS.

## *Programa*

### *Clases*

Biblioteca da Escola Municipal de Artes e Oficios de Vigo
Profesor: Cándido Cabaleiro Paz, profesor superior de piano e mestre de educación musical

**Xoves 9 de xaneiro**
*EscoitANTES 1: Como escoitar concertos solistas*
18.00 a 20.00 h

*EscoitANTES 2: Como escoitar sonatas, sinfonías, cuartetos... (Mendelssohn)*
20.00 a 22.00 h

**Venres 10 de xaneiro**
*EscoitANTES 3: Como escoitar música vocal (Bach)*
18.00 a 20.00 h

*EscoitANTES 4: Como escoitar outras formas (Tchaikovsky e Berlioz)*
20.00 a 22.00 h

### *Ensaios abertos*

Auditorio Martín Códax do Conservatorio Superior de Música de Vigo
Relatora: Myriam Cortizo Pires, xefa de produción

**Xoves, 19 de decembro**
*As variacións rococó,* de Tchaikovsky
22.30 a 00.30 h

**Venres, 24 de xaneiro**
*Concerto para oboe,* de Marcello
22.30 a 00.30 h

**Venres, 14 de febreiro**
*O concerto para violín,* de Beethoven
22.30 a 00.30 h

**Venres, 20 de marzo**
*A paixón segundo San Xoan,* de Bach
22.00 a 00.00 h

**Venres 24 de abril**
*Octeto,* de Mendelssohn
22.30 a 00.30 h

**Xoves 28 de de maio**
*Harold en Italia,* de Berlioz
22.30 a 00.30 h